Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2016
D.L: C 304-2016

Textos e mapas: UTE Feitoría Verde, S. Coop. Galega-MaOs Innovación Social, S. Coop. Galega
Fotografías: César Vilasánchez López
Capa: MaOs Innovación Social. S. Coop. Galega
Diagramación: Miguel Durán Bermúdez

Guía divulgativa do patrimonio cultural da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés

Estudo, análise, diagnose, posta en valor e divulgación do patrimonio cultural, material e inmaterial, da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés

ÍNDICE

Aproximación á Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés 6

Rutas de sendeirismo

- Ruta BTT, Maus de Salas - Calvos de Randín 11
- Ruta Variante dos camiños das feiras, Lobios e Muíños 14
- Ruta Os camiños das veceiras, Lobios 17

O patrimonio cultural concello a concello

- Bande 21
- Calvos de Randín 27
- Entrimo 31
- Lobeira 35
- Lobios 39
- Muíños 43

Canto sabes? 47

PRESENTACIÓN

A Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés que se describe nesta guía foi declarada pola UNESCO en maio de 2009 e é unha das reservas transfronteirizas maiores da Unión Europea. Está formada, na parte galega, polos concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños. Como área transfronteiriza, abrangue non só esta parte galega senón que está formada tamén pola Região Norte de Portugal, o que inclúe un total de 267.958 ha de territorio protexido en dous espazos naturais divididos polas fronteiras, pero unidos polas características da natureza e da cultura. A liña divisoria márcase no alto das serras que a conforman, o que dá lugar ao que se coñece como raia seca: o Laboreiro, Queguas e Quinxo ao norte; Santa Eufemia, Xurés e O Pisco, ao sur. Segundo o seu recoñecemento pola propia UNESCO, este territorio destaca "pola variedade dos seus ecosistemas de bosque e turbeira, así como polo considerable número de especies endémicas baixo a influencia conxunta do clima oceánico e mediterráneo".

Desta forma, únese o maior parque natural de Galicia co de maior importancia en Portugal, o Parque Nacional da Peneda-Gerês, e xuntos abranguen un só espazo protexido de carácter transfronteirizo único en Europa.

Non obstante, e en tanto que reserva da biosfera, o obxectivo de protección non reside exclusivamente en cuestións relacionadas co coidado e coa conservación da natureza e da paisaxe, senón que se busca integrar o ser humano como parte do conxunto e potenciar o uso dos recursos naturais como valores que resaltar dentro dos espazos que son declarados reserva da biosfera. A función, en definitiva, destas áreas é a conservación e a protección da biodiversidade pero tamén o desenvolvemento económico e humano, a investigación, a educación e mesmo o intercambio de información entre as distintas reservas.

No caso da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés debemos ter presente que este é un espazo de ocupación humana moi antigo, o que o converte en representante dun pasado cultural e natural de enorme importancia. Coa súa declaración como reserva da biosfera incentivouse a procura do mantemento do equilibrio entre conservación e desenvolvemento, evitando as tendencias contrarias ao desenvolvemento sustentable. Como consecuencia deste equilibrio herdado e agora recoñecido, o ser humano foi deixando ao longo dos séculos diferentes formas de habitar o territorio, facéndose consciente dos límites e axudándose das posibilidades que o medio lle ofrece coa finalidade de conseguir un sustento axeitado do que poder vivir.

Os socalcos ou arribadas permiten o aproveitamento das pendentes para o cultivo.

A partir desta relación foron quedando na paisaxe, no medio, as súas pegadas e, delas, xurdiron as diferentes paisaxes e os distintos modos de vida que forman parte, individualmente e en conxunto, da diversidade cultural mundial.

O espazo que abrangue a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés está chea de cultura, de patrimonio, de espazos de convivencia e de diálogo permanente coa natureza e coa contorna. Ao longo do seu territorio son visibles as mostras e as solucións de adaptación ao medio e que son un exemplo de integración e respecto. Unha visita a estes lugares é unha posibilidade de aproximación a unha forma de vida, de compartir o espazo e os recursos que nos fan entender mellor os motivos polos que esta zona foi declarada pola UNESCO como reserva da biosfera.

Por tanto, a comunicación ser humano e natureza podería dicirse que é fluída e xorde nun ambiente de cooperación mutua. A natureza fornece dos materiais e recursos necesarios e o ser humano emprega estes recursos de forma responsable e atendendo ás posibles limitacións e a favorecer a súa permanencia.

Paisaxe de Queguas, Entrimo.

A pegada visible e a non visible, que engloba os coñecementos, as técnicas, a lingua, etc. é o que denominamos a cultura e que nesta guía se describe como os bens e os elementos que forman o patrimonio de cada un dos concellos da Reserva e do conxunto en xeral.

A partir disto, adquiren outra relevancia os muíños, as alvarizas, as cabanas de pastores ou chivanas, os hórreos, os fornos, os camiños e os valados, que revelan a alma máis creativa dos seus poboadores. Na súa edificación, nos seus materiais entendemos a relación do ser humano co medio, compartimos o seu coñecemento, achegámonos a unha forma de pensar. Destacan pola relevancia social e tamén por ser comúns en toda a Reserva, os muíños (como os da Corga do Porto do Medio, no concello de Entrimo, ou os de Muíños que mesmo lle dan nome ao concello); os fornos (como o de Randín, en Calvos de Randín, ou o de Guxinde, no concello de Entrimo); as airas cos seus canastros de arredor (como a de Esperanzo, en Lobios); os pazos (como os dos Texada, en Calvos de Randín e Muíños, ou o de Lobios); os lugares que conservan a arquitectura tradicional, con rúas estreitas e casas feitas de pedra (como a aldea do Salgueiro, no concello de Muíños, ou o lugar de Manín, no concello de Lobios);

as mostras de arquitectura relixiosa, tan presente no imaxinario colectivo galego, como son os abondosos cruceiros que se reparten por todo o territorio ou os petos de ánimas; os camiños tradicionais, que tanto favoreceron as relacións sociais; as fontes, lavadoiros e bebedoiros, algúns mesmo con propiedades milagreiras (como a Fonte do Santo); ou as pontes, que comunican ribeiras e con elas persoas e lugares; ou as chivanas ou cabanas de pastores, mostras da habilidade das persoas que tiñan no pastoreo unha forma de vida.

Chivana do Carballón, Lobios.

Pero tamén é de vital importancia a lingua, imprescindible nas relacións e na forma de entender o mundo; e as súas expresións orais, pegadas de sabedoría en palabras.

Así pois, a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés é un espazo único, tanto a nivel paisaxístico e natural como na súa dimensión humana. A Reserva da Biosfera compromete a favorecer un equilibrio responsable entre ambas; non se debe esquecer que como visitantes e persoas interesadas podemos contribuír neste labor.

RUTAS DE SENDEIRISMO

Ruta Transfronteiriza BTT

Maus de Salas-Couto Mixto
(Concellos de Muíños, Montalegre e Calvos de Randín)



Cadro técnico

Coordenadas punto de inicio e fin de ruta: 41°56'12.3"N, 7°55'27.8"W
Distancia: 24,6 km ida (39 km ida e volta)
Duración: 3 horas (4 horas ida e volta)
Velocidade media: 8,2 km/hora (9,75 km/hora ida e volta)
Elevación mínima: 824 m
Elevación máxima: 914 m
Dificultade: moderada

A ruta parte de Maus de Salas, bordea o encoro de Salas e pasa por algúns dos principais monumentos funerarios megalíticos da zona. Entra en Portugal e inicia o camiño cara ao Couto Mixto a través da Ruta do Contrabando e do Camiño Privilexiado. O trazado desta ruta ofrece accesibilidade a todos os públicos e flexibilidade para moldear a súa lonxitude e dificultade ademais dun estímulo para os deportistas avanzados incluíndo tramos técnicos e esixentes.

Entre os principais bens patrimoniais do seu trazado están a necrópole de Maus de Salas: o dolmen Casiña da Moura e a Casola do Foxo, dous dos máis importantes da Baixa Limia, datados no s. III a. C. e que foron trasladados desde o val do Salas para a construción do encoro.

Desde a Casola do Foxo a ruta transcorre tranquilamente á beira do encoro entre bosques de bidueiros e singulares formacións rochosas. Ascende á vila de Guntimil e chega a Tourém, Portugal, que merece ser pedaleada cos ollos ben abertos para desfrutar das súas casas tradicionais, do forno comunal ou da Igreja de São Pedro.

Desde aquí a ruta mergúllase nos tempos do contrabando e segue o Camiño Privilexiado nun percorrido que levará á república do Couto Mixto. Na actualidade, os privilexios que outorga este camiño son outeiros, regatos e pontellas, así como penetrar en densos bosques e atravesar fronteiras. Co val de Salas como marco, collendo e soltando o Camiño Privilexiado, farase un percorrido completo polos lugares que conforman o Couto Mixto: Rubiás dos Mixtos, Santiago e Meaus.

Casiña da Moura, Muíños.

Descrición técnica

A ruta parte do centro de acollida para BTT de AVIVA Sports Center, en Maus de Salas (41°56'12.3"N, 7°55'27.8"W), a 856 metros. Atravesa o lugar cara ao sur e coincidindo coas rutas de BTT 3, 4 e 5. Desvíase por unha pista ampla á esquerda que percorre a marxe suroccidental do encoro e remata nun tramo de estrada.

Ao chegar ao punto quilométrico 8, no parque de Guntumil, a ruta abandona o trazado da BTT 5 cara á esquerda. Aquí é necesario baixar da bicicleta para atravesar o regato da Portela e continuar uns 300 metros até enlazar coa estrada que cruza o encoro entre as Maus de Salas e Guntumil.

Continúase cara ao sur até Guntumil (878 metros de altitude) e pásase sobre a fronteira galaico-portuguesa (41°54'32.2"N, 7°54'36.3"W), situada a máis de 900 metros, até chegar a Tourém: inicio do Camiño Privilexiado.

Camiño Privilexiado, Calvos de Randín.

A partir de Tourém, seguiranse as indicacións do Camiño do Contrabando ou do Camiño Privilexiado. No punto 12,7 km. sepáranse e séguese só Camiño do Privilexio, cara ao leste, cruzando a estrada portuguesa M513 (quilómetro 13), cara ao concello de Calvos de Randín. Atravésase a estrada asfaltada cara ao leste e proséguese en dirección ao leste até a estrada entre Vilar e Randín, no punto quilométrico 14,5 (41°53'53.8"N, 7°52'22.0"W).

Rumbo ao norte, iníciase un tramo por estrada asfaltada que pasa preto da aldea de Randín e que continúa máis tarde cara ao leste no cruzamento coa estrada OU-1110 (quilómetro 15,6), en dirección a Rubiás. Este tramo de estrada, de case 3 quilómetros, corre paralelo ao val do Salas até as proximidades de Rubiás, onde se retoma o Camiño Privilexiado (41,910968 -7,8375730).

Unha vez en Santiago de Rubiás, o último tramo transcorre pola estrada entre esta aldea e a de Meaus, onde remata a ruta (41,928122 -7,8224830) a 892 metros de altitude.

Variantes

• Variante circular. A posibilidade dun percorrido de volta que transforme esta ruta nun trazado circular ofrécese indo até Santiago de Rubiás e retornando pola estrada OU-1110 desde Meaus até Randín. Alí, tomarase a estrada OU-303 en dirección ao norte e logo a OU-202 cara ao suroeste, pasando polo Alto da Raia.

• Desde o límite fronteirizo continuarase pola estrada local algo máis dun quilómetro e medio, en dirección ao Outeiro de Cavaladre. Neste punto chégase a un cruzamento onde se seguirá o desvío á dereita uns 500 metros até chegar a un camiño á esquerda da estrada a asfaltada, que leva ao punto de inicio logo de percorrer algo máis de 15 quilómetros de volta.

Ruta Variante do camiño das feiras

Ganceiros-Reparade-A Cela-Ganceiros
(Concellos de Lobios e Muíños)



Cadro técnico
Ruta circular
Coordenadas punto de inicio e fin de ruta: 41°55'03.1"N, 8°03'29.3"W
Distancia: 16,1 km
Duración: 6 horas, 45 minutos
Velocidade media: 2,2 km/h
Elevación mínima: 457 m
Elevación máxima: 770 m
Dificultade: moderada-alta

Este percorrido é unha variación do Camiño das feiras, un traxecto noutrora de grande importancia que conectaba Lobios coas feiras de Porqueirós e Couso (os días 4 e 11 de cada mes, respectivamente), as máis importantes da comarca, destacadas pola compra e troca de gando e alimentos.

Aira con chan de lousas e conxunto de canastros en Reparade.

A ruta parte de Ganceiros coincidindo co trazado da Vía Nova ou Vía XVIII (calzada romana construída nos anos 79 e 80 d.c. que unía Braga e Astorga) e o Camiño da Raíña Santa, que recibe este nome debido a que no ano 1255 utilizouno a Raíña Isabel II de Portugal para peregrinar a San Salvador e a Santiago de Compostela.

Despois duns tres quilómetros de subida os camiños desvíanse á esquerda, mentres que este percorrido continúa en dirección a Reparade. No camiño, atoparemos o Corgo das Arcas e o Outeiro de Cachofás, lugares onde a terra garda mámoas, monumentos funerarios prehistóricos.

Unha vez en Reparade, convén deterse e percorrer a aldea para ver a Capela de San Mamede e o castiñeiro milenario situado enfronte. Tamén camiñar as súas rúas e prestar atención aos canastros e airas até chegar ao barrio sur, practicamente abandonado.

Neste punto, abandónase o tradicional Camiño das feiras (que seguiría a Porqueirós e Couso). Agardan un forno comunal, unha acea e un fermoso poldrado (paso de pedras dispostas en ringleira), coñecido como "o porto de Reparade", que permite cruzar o río.

A ruta continúa por estrada asfaltada. Uns 100 metros antes de chegar á primeira curva á dereita, pódese ver, tamén á man dereita unha alvariza. Chegarase despois á área recreativa de San Rosendo, para descender cara ao río Salas e tomar a ponte nova que o cruza. Neste punto temos por diante un forte ascenso antes de coller o camiño inicial de volta a Ganceiros.

Descrición técnica

A ruta parte de Ganceiros (41°55'05.9"N, 8°03'37.7"W) e durante os 6 primeiros quilómetros ascende desde os 457 metros de altitude até os 770 metros no Outeiro de Cachofás (41°55'51.1"N, 8°01'07.9"W). Este primeiro tramo coincide cos indicativos existentes da ruta BTT 6.

Despois éntrase en Reparade polo norte e sáese polo sur (41°55'58.9"N, 8°00'37.0"W), seguindo o camiño que vai

cara ao río Salas. Crúzase o río e uns 200 metros despois, dáse coa estrada OU-1206, pola que continua o percorrido durante 2 km. até chegar á Área recreativa de San Rosendo (41°55'03.1"N, 8°01'33.5"W).

Deste punto en diante, as indicacións coinciden coas da ruta BBT 2. Cóllese o camiño que descende cara ao río Salas e crúzase o río pola ponte nova (41°55'09.7"N, 8°01'54.7"W), agardando preto de 2 km. de subida (desde os 594 metros até uns 700 metros de altitude) en zigzag por unha senda estreita. Este é o tramo de maior dificultade, polo que é importante seguir os sinais, xa que hai zonas nas que o camiño pode estar difuso. Unha vez na zona máis alta, desembócase no camiño inicial (41.923, -8.0388) e cóllese á esquerda para volver a Ganceiros.

Variantes

• Variante Camiño das feiras. Desde Reparade pódese seguir o Camiño das feiras até a ermida da Clamadoira, Porqueirós, a ermida da Aparecida e, por último, Couso, o que fai preto de 10 km.

Fervenza de Aguieira e Pozo da Seima.

• Variante da Cela. Desde a Área Recreativa de San Rosendo pódese seguir pola estrada até chegar á Cela, un pequeno núcleo de poboación que paga a pena visitar. Da entrada do lugar sae unha pista que permite ir ao Pozo Negro ou da Seima e ás fervenzas da Aguieira. O camiño de volta do pozo farase pola mesma pista de baixada até chegar á vía principal, na que collemos á esquerda e, tras 600 metros de subida, retomaremos a ruta inicial até finalizar en Ganceiros. Facer esta variante incrementa o percorrido 2,4 km. que dada a dificultade dalgúns tramos se traduce en preto dunha hora e media máis de camiño.

• Variante Pozo da Seima. Desde a Área recreativa de San Rosendo existe a alternativa de baixar ao Pozo da Seima sen pasar pola Cela, facendo preto de 1,7 km.

Ruta Os camiños das veceiras

Bouzas - Prado Seco
(Concello de Lobios)



Cadro técnico
Coordenadas punto de inicio e fin de ruta: 41°52'41.8"N, 8°01'54.4"W
Distancia: 10,5 km
Duración: 4 horas, 30 minutos
Velocidade media: 2,2 km/h
Elevación mínima: 772 m
Elevación máxima: 1125 m
Dificultade: moderada

Camiño percorrido até non hai moito polos pastores ou pegureiros do lugar de Bouzas. A veciñanza xuntaba a res nun só rabaño e unha ou dúas persoas o subían pastar até o curral de Prado Seco, no alto da Serra do Xurés. Este sistema de organización do pastoreo por quendas, presente na zona até hai poucos anos, coñecese como "veceira".

O traxecto ofrece fermosas vistas da serra e unha mostra representativa da vexetación e os bolos graníticos característicos desta zona, así como atopar mariolas (amontoamentos piramidais de pedras para sinalizar os camiños) para, como colofón, rematar na chivana e o curral de Prado Seco.

A ruta parte do lugar de Bouzas e atravesa o núcleo até chegar á antiga e fermosa Carballeira de Bouzas, á esquerda da cal sae o camiño lousado, de orixe medieval, polo que comeza o ascenso.

Ademais de subir as veceiras, este trazado servía para baixar a herba dos prados da serra en carros tirados por bois e se nos fixamos ben, aínda se poden apreciar as rodadas nalgúns tramos.

Ladeira do Fontefría.

Tras pouco máis de 500 metros a ruta descende cara ao Rego da Fontefría, que cruzamos pola ponte. Neste punto, comeza un lixeiro ascenso paralelo ao rego até chegar á Corga de San Martiño, que cruzamos por un paso de pedras irregulares.

A partir de aquí faise máis complicado seguir o camiño, así que tal e como facían os pegureiros, recoméndase tomar referencias. A máis empregada na zona é a Pena Rubia, chamada así pola súa cor avermellada, e facilmente distinguible (200 metros en liña recta). Unha vez na Pena Rubia, é recomendable deterse; observar a impoñente paisaxe da serra dominada polo modelado glaciar e os contundentes bolos graníticos.

A ruta abandonará o Rego de Fontefría ascendendo cara á dereita, até volver cruzar a Corga de San Martiño. Despois da forte subida, comeza unha zona chaira na que veremos dous montículos rochosos que indican a chegada á Portela de Prado Seco. Tras bordear o outeiro da esquerda, accédese á chaira de Prado Seco e, tras atravesala, ao curral e á chivana de Prado Seco, que garda o recordo dos moitos pegureiros aos que serviu de abrigo na noite.

Chivana de Prado Seco.

Descrición técnica

A ruta parte de Bouzas (41°52'51.5"N, 8°02'00.5"W) a unha altitude de 772 metros. Desde o camiño lousado (41°52'41.8"N, 8°01'54.4"W) comeza un forte ascenso, até chegar aos 900 metros de altitude onde remata a Carballeira de Bouzas. Desde aquí e até chegar ao bolo granítico de Pena Rubia (41°52'13.8"N, 8°00'58.4"W) farase algo menos de quilómetro e medio indo case todo o tempo en meseta (altitudes sobre os 900 metros) e en paralelo ao rego de Fontefría. Nese tramo crúzase o rego por unha pequena ponte (41°52'16.6"N, 8°01'23.7"W) e a corga de San Martiño por un paso de pedras (41°52'14.1"N, 8°01'08.4"W).

Ao chegar á Pena Rubia, a 956 metros de altitude, vírase en perpendicular ao rego de Fontefría, seguindo o rego de San Martiño augas arriba para comezar durante case dous quilómetros, un acusado ascenso até os 1127 metros de altitude ao chegar á Portela de Prado Seco (41°51'37.9"N, 8°01'01.4"W), punto máis alto da ruta. Polo medio, cruzarase de novo a Corga de San Martiño por outro paso de pedras (41°51'43.2"N, 8°00'53.5"W). Esta subida, xunto coa do inicio da ruta, son os tramos máis esixentes.

A partir de aquí, o quilómetro restante até chegar á chivana de Prado Seco (41°51'12.1"N, 8°00'54.7"W), farase pola chaira de Prado Seco, todo o tempo a altitudes sobre os 1100 metros. Desde aquí volverase cara ao núcleo de Bouzas polo mesmo camiño. Convén ter en conta que o descenso farase moito máis doado, podendo chegar a percorrelo na metade de tempo.

O PATRIMONIO CULTURAL DA RESERVA DA BIOSFERA TRANSFRONTEIRIZA GERÊS-XURÉS

Bande

Bande é o segundo concello máis habitado dos seis galegos que conforman a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, con 1.735 habitantes (ano 2015) repartidos en 12 parroquias e 99 km², os cales inclúen os Montes de Bande (sendo o de máis altitude Porto Lamas, con 1.146 metros) e que limitan co río Limia polo sur. Conta con moitos restos arqueolóxicos (múltiples mámoas e castros, como os de Lebosandaus, Sarreaus e Rubiás), restos de época romana ou a igrexa máis antiga de Galicia. Ao mesmo tempo, Bande é un concello con moita vida, enxeño e tradición (conta, por exemplo, coa danza branca de Güín e cos troteiros, ambos en proceso de recuperación).

Aquis Querquennis e as termas
(coordenadas: 41°58'26.5"N, 7°58'54.4"W)

Campamento romano construído no reinado de Vespasiano (69-79 d. de C.) como base de operacións para construír a Vía Nova e as súas instalacións complementarias. A uns 250 metros do campamento escavouse a Cidade-Mansión Viaria de Aquis Querquennis, que servía de hospedaxe para viaxeiros. A uns 200 metros ao norte manan augas termais, nas que aínda se atopan restos do seu aproveitamento como balneario, que tamén foi romano nas súas orixes.

Vista do campamento romano Aquis Querquennis (Bande).

Carballos da sementeira
(coordenadas: 42°01'49.5"N, 7°58'35.2"W)

Tres carballos de entre 500 e 700 anos, situados na praza de S. Roque, no núcleo de Bande, que tradicionalmente foron usados pola veciñanza como calendario natural para saber o tempo de sementar as patacas, o millo ou as fabas segundo o tempo de agromar as follas de cada un deles. Están incluídos no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.

Castro de Rubiás
(coordenadas: 42°01'12.7"N, 7°59'14.2"W)

Castro que está baixo a aldea de Rubiás (Santiago de Cadós), coñecido sobre todo pola descuberta que alí houbo dunha cabeza de guerreiro en granito do século I d.C., galaico romana, na actualidade conservada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Igrexa de Santa Comba
(coordenadas: 41°58'23.7"N, 8°00'07.4"W)

Igrexa visigótica do século VIII, considerada a máis antiga de Galicia. Templo de grosos muros de planta en cruz grega. Os capiteis que dan á nave son de época visigoda romano-tardía e os interiores de finais do século IX. Na ábsida conserva pinturas da segunda metade do século XVI. Ademais a igrexa presenta outros vestixios romanos no mesmo altar, cunha ara reutilizada, e na pía bautismal no lado norte, reaproveitada a partir dun miliario. Tamén conta cun sepulcro datado nesa época do que se conta que contivo os restos de San Torcuato (que foi discípulo do apóstolo Santiago). Está no camiño da Raíña Santa ou camiño portugués a Santiago.

Imaxe da igrexa de Santa Comba de Bande (Bande).

Os troteiros de Bande

O troteiro é unha figura do entroido propia do Concello de Bande. Debe o seu nome a que antigamente a xente disfrazada de troteiro facía o percorrido "trotando" polas aldeas e levando o entroido por todas elas até chegar á vila de Bande. Segundo Fermín Bouza Brei, saían á rúa a partir de Reis. Un atractivo máis para visitar a zona no Entroido.

Petróglifos do Monte Areeiro (Vilar)

(coordenadas: 42°01'29.8"N, 7°55'58.2"W)

Gravados sobre granito de entre os séculos XX e IX a. de C. Destacan tres círculos concéntricos con cazoleta central e eixo radial. Tamén hai circos simples, abundantes cazoletas e coviñas, algúns deseños cuadrangulares e distintas combinacións de liñas.

Imaxe dos petróglifos do Monte Areeiro (Bande).

Ponte Pedriña (antigo paso da Vía XVIII, baixo as augas do encoro)

Na Ponte Pedriña realizábase un rito ás mulleres embarazadas que tiveran un aborto anteriormente, para que non perdan o fillo que está por vir. A primeira persoa que pasaba pola ponte a partir das doce da noite tiña que lle botar auga do río por riba da barriga dicindo unha frase, da que non se garda memoria.

Pozas de aire ou de enxeño
(coordenadas: 41°59'33.3"N, 7°58'54.9"W)

As "pozas de aire" ou de "enxeño" eran estancos que se usaban para regar campos e cultivos, principalmente na zona da Limia, tendo a particularidade de que se abrían para regar cando estaban cheas e pechábanse para encher cando se baleiraban sen necesidade de que interviñese persoa ningunha. Toda unha obra de enxeño humano hoxe en día visitable na zona de Vilela.



Lenda

- Itinerarios
- Recursos turísticos
- Vistas panorámicas
- Picos
- Núcleos singulares

Vías históricas

1. Camiño privilexiado
2. Vía Nova
3. Camiño da Raíña Santa ou de San Rosendo

Patrimonio natural

1. Carballos de Sementeira
2. Augas termais (Os Baños)
3. Castelo de Guxinde
4. Pozo Caído
5. Bolo granítico da Pía da Moura
6. Pozas do Mallón
7. Castelo da Pica/Pedras cabaleiras
8. Carballos da Sementeira
9. As Gralleiras
10. Corga da Fecha

Núcleos singulares

1. Lugar da Cela
2. Lugar de Salgueiro
3. Lugar de Padrendo
4. Lugar de Gustomeao
5. Lugar de Reguengo
6. Lugar de Olelas
7. Lugar do Burgo
8. Lugar de Ribas
9. Lugar de Queguas
10. Lugar de Vilar



1. Torre de defensa de Guntumil
2. Poza de Aire
3. Ponte Vella do Pacín
4. Pazo dos Represa
5. Pazo de Santa Baia
6. Muíños na corga do Porto do Medio
7. Muíños de Vilameá
8. Muíños de Corvelle
9. Foxo do Lobo de Guende
10. Foxo do Lobo das Covateiras
11. Forno de Randín
12. Forno de Bubaces
13. Fonte do Santo ou Fonte da Aparecida
14. Conxunto de Cabanas nas Cortes da Carballeira
15. Chivana do Chan da Vella
16. Casa de Xaquín Lorenzo "Xocas"
17. Casa da Escusalla
18. Canastros de Fondevila
19. Cabaniña do curro
20. Aira e Canastros de Esperanzo
21. Mina das Sombras
22. Pazo de Randín
23. A Picoña/Outeiro da Almena/ O Castelo

1. Capela da Nosa Sra do Xurés/Capela de Riocaldo
2. Igrexa de Sta Comba
3. Necrópole de Manín e ermida de Sta Eufemia
4. Igrexa de Parada do Monte
5. Peto de ánimas de Senderiz
6. Peto de ánimas da Canle
7. Igrexa de San Xes de Vilariño
8. Ermida de Nosa Señora do Viso
9. Igrexa da Santa Cruz de Grou
10. Capela da Carballeira/Nosa Señora da Ascensión
11. Capela da Sobradeira de Ferreiros
12. Igrexa de Santa María a Real
13. Santuario dos Milagros
14. Igrexa de San Pedro de Muíños
15. Capela da Virxe da Clamadoira
16. Igrexa parroquial de San Pedro
17. Peto de Ánimas de Sordos
18. Igrexa de San Miguel de Lobios
19. Capela de Santa Lucía
20. Igrexa de San Vicente de Lobás
21. Igrexa de Santiago de Rubiás
22. Cruceiros de Vilariño

11. Poboado das Conchas
12. Lugar da Fraga
13. Barrio oeste das Maus de Salas
14. Barrio sur de Reparade
15. Couto Mixto

Época prehistórica

1. Dolmen Caseta da Moura
2. Gravados rupestres de Pena Franqueira
3. Conxunto de mámoas das Motas
4. Castro dos Castelos
5. Necrópole Outeiro de Cavaladre
6. Casola do Foxo
7. Pedrafita das Catro Cruces
8. Castro de Pena Maior

Construción romana

1. Mansio Aquis Originis
2. Campamento Militar e Cidade-Mansión Viaria de Aquis Querquennis
3. Miliarios de Portela do Home

Calvos de Randín

O Concello de Calvos de Randín localízase ao sur da provincia de Ourense, no límite con Portugal, nos contrafortes das serras de Larouco, da Pena e do Xurés. Ten unha extensión aproximada de 98 km^2 e está formado por 9 parroquias, divididas en 18 lugares. A altitude media vai dos 900 aos 1100 metros e o seu río principal é o Salas, represado no encoro de Salas. O val deste río, no espazo creado pola cota do encoro con toda a súa ribeira, é hoxe un lugar de gran beleza paisaxística e está considerado como área de interese nacional para a protección de aves migratorias en perigo de extinción. Outros lugares do concello que destacan pola singularidade e fermosura das súas paraxes son a fervenza do río Firbeda ou a Serra da Pena. Para alén destes espazos, o Concello de Calvos de Randín é un territorio cheo de historia e de lugares senlleiros, entre os que destacan:

O Couto Mixto

O Couto Mixto foi un territorio singular cuxa historia relata a existencia dunha peculiar república independente, con leis propias, na fronteira entre Galicia e Portugal. Asentábase sobre os lugares de Santiago (a capital política) e Rubiás (porta de entrada), no concello de Calvos de Randín, e o de Meaus (a capital económica), no de Baltar. A súa orixe sitúase no século XII e é incerta aínda que se relaciona co Castelo da Picoña, vinculado á casa de Brangança (Portugal). Tamén existe unha lenda explicativa da orixe que narra a historia dunha raíña desterrada que quedou atrapada pola neve mentres fuxía pola Serra da Pena. A raíña estaba próxima a dar a luz e a veciñanza do Couto auxiliouna. Agradecida, concedeulles os privilexios e a independencia que caracterizaron este territorio. En 1864, coa sinatura do Tratado de Límites entre España e Portugal en Lisboa, o Couto perdeu todos os seus dereitos. Con todo, aínda existe a día de hoxe memoria viva na poboación sobre o Couto Mixto e os seus habitantes seguen a ser coñecidos como os "mixtos".

Igrexa de Santiago de Rubiás
(coordenadas: 41°54'28.2"N, 7°49'04.5"W)

Igrexa románica, ampliada no século XVIII, e da que se conserva a capela maior do templo primitivo, cuberta por unha bóveda de canón apuntada. Nas súas paredes, baixo sucesivas capas de cal, consérvanse unhas pinturas que probablemente representen o xuízo final e que se poderían datar no século XVI. Na sancristía desta igrexa gárdase unha arca de madeira con tres chaves que foi o arquivo onde se almacenaban os documentos importantes do Couto Mixto. Non obstante, moitos dos documentos que se gardaban perdéronse debido a que foron queimados en 1809 polas tropas imperiais do mariscal Soult, ao seu paso polo Couto mentres fuxían das tropas inglesas e portuguesas. No banco exterior do adro desta igrexa, unha estatua rememora o último xuíz do Couto, pois este era o lugar onde estas autoridades se reunían para decidir sobre os asuntos importantes.

Representación do xuíz do Couto Mixto no adro da igrexa de Santiago de Rubiás (Calvos de Randín).

O Camiño Privilexiado
(coordenadas: 41°55'06.6"N, 7°50'22.6"W)

O Camiño Privilexiado comunicaba as localidades galegas do Couto de Santiago de Rubiás coa portuguesa de Tourém. O seu trazado é de aproximadamente seis quilómetros de percorrido e estaba delimitado por mouteiras ou fitos de pedra con sinais diversos, principalmente cruces, ademais dalgún cruceiro. O camiño tiña unha finalidade comercial e de tránsito e ao longo do seu trazado ninguén podía ser apresado ou requisadas as mercadorías que levase aínda sendo de contrabando. Este camiño atravesa regueiros, fontes, outeiros e carreiros de gran beleza paisaxística.

Parte do trazado do Camiño Privilexiado (Calvos de Randín).

Forno de Randín
(coordenadas: 41°54'19.4"N, 7°52'27.5"W)

Edificio de planta rectangular con perpiaño sen argamasa e contrafortes para reforzar a súa estrutura. Ao igual que os fornos de Rubiás e de Santiago de Rubiás, é unha edificación comunal que se empregaba para panificar nun lugar seguro, cunhas características construtivas que reducían o perigo de incendios.

Calvario de Vilariño
(coordenadas: 41°52'35.1"N, 7°51'55.1"W)

Conxunto de tres cruces, ou calvario de gran rusticidade, asentadas cada unha co seu pedestal individual sobre un pequeno muro que se adapta ao outeiro granítico sobre o que se ergue todo o conxunto. A cruz central parece a de labra máis coidada e as laterais dunha cantaría máis basta e asimétrica, o que lle confire un valor engadido á rusticidade e sinxeleza do conxunto.

Imaxe do calvario de Vilariño (Calvos de Randín).

Entrimo

Os 85,43 km² do Concello de Entrimo e os seus 1.251 habitantes (en 2015) limitan fisicamente con Portugal, Lobeira e o río Limia. Desde o punto de vista cultural e social esas fronteiras dilúense, conformando un espazo moi rico e diverso en bens e elementos patrimoniais, que van desde as danzas de Olelas e a figura de galáns e madamitas até diversas necrópoles prehistóricas (Pena de Anamán, Chaira de San Fiz, Chan de André). O mesmo pode dicirse da súa paisaxe montañosa, coas serras do Quinxo e de Queguas, que en determinadas zonas se converte no mellor miradoiro para admirar o val, co río Limia/Lima e o encoro de Lindoso, e os concellos de Lobios e Muíños en fronte. Estas paraxes poden desfrutarse sobre todo no camiño que vai de Mugueimes a Olelas. Destacamos a seguir algúns elementos e bens de interese:

A Pía da Moura
(coordenadas: 41°56'02.1"N, 8°05'26.2"W)

Conxunto de penedos na Serra de Queguas con moita historia e lendas relacionadas. Un deles ten unha pía onde se conta que os mouros tiñan reunións. A pía era para recoller a auga para se lavaren pola mañá. De aí o nome "pía da moura". Contábase que viñan buscar a auga ao río Pacín por un pasadizo para non seren vistos. Nas proximidades encóntrase tamén o castro denominado "Os Castelos-Pía da Moura", escavado recentemente.

Capela da Ascensión e cortes da Carballeira
(coordenadas: 41°59'03.9"N, 8°06'40.2"W)

Antigos currais onde se gardaba o gando. Sitúanse nunha pequena chaira no alto do monte en torno á Capela da Ascensión, creando un conxunto singular que combina elementos etnográficos, relixiosos e paisaxísticos, pois desde este lugar, situado a case 1000 metros de altura, domínase unha ampla vista da comarca.

Capela da Ascensión, veciña das cortes da Carballeira (Entrimo).

Galáns e madamitas

A figura dos galáns e das madamitas do entroido de Entrimo ten a súa orixe na vontade de facer escarnio dos señores e das señoras da época. Acompañando os madamitos ían gaiteiros tocando diante deles e atrás deles, os farandulleiros e máscaras vestidas de vellos ou de vellas (con roupas vellas) que botaban fariña mesturada con borrallo á xente. Figuras en plena recuperación que son un incentivo para visitar Entrimo no entroido.

Igrexa de Santa María a Real

(coordenadas: 41°56'03.1"N, 8°07'13.6"W)

Declarada monumento histórico-artístico. Fachada barroca na modalidade churrigueresca, construída a finais do século XVI. A fachada principal, realizada en granito, é de especial interese xa que se organiza en catro corpos, de modo similar a un retablo. Tamén conta con dúas fachadas laterais salientables polas súa harmonía e ornamentación.

Imaxe da igrexa de Santa María a Real (Entrimo).

Muíños na corga do Porto do Medio
(coordenadas: 41°55'13.7"N, 8°08'35.6"W)

Muíños aínda en uso construídos en cachotaría de granito e cuberta a dúas augas con tella curva.

Olelas, vila e cultura
(coordenadas: 41°54'39.2"N, 8°12'26.1"W)

A vila de Olelas destaca xa antes de chegar a ela polas espectaculares vistas que hai no camiño desde Mugueimes, pero tamén polas súas airas, canastros e palleiras, a súa capela (Santa María de Olelas), o cruceiro, varios muíños e a súa levada, sen esquecer os socalcos e arribadas que se estenden ladeira abaixo. A todo isto debemos engadir o máis coñecido e que comparte coa zona portuguesa: as danzas e músicas (o vira, a cana verde, o ese, a chula e a chula de Sestelo), para as cales destaca o uso da concertina.

Rúa en Olelas (Entrimo).

Pazo dos Represa
(coordenadas: 41°55'32.1"N, 8°06'31.9"W)

Situado no lugar de Casal de Alén e construído en 1785, segundo reza a inscrición da súa fachada. O estado de abandono e a falta de uso levaron á ruína unha parte do pazo.

Lenda do penedo das Serpes
(coordenadas: 41°56'07.1"N, 8°05'56.8"W)

Os penedos no lugar das Serpes, ao norte do río Pacín, contan cunha lenda propia segundo a cal vivía alí un monstro que comía mozas da aldea do Casal ofrecidas en sacrificio e que acabou sendo convertido pola Virxe nunha pedra partida en tres tras lanzarlle unha areíña do río. O lugar das Serpes ten preto a ponte vella do Pacín.

Ponte da Boutureira
(coordenadas: 41°55'29.4"N, 8°07'30.2"W)

Ponte de orixe romana sobre o río Covas, chamado nese tramo Boutureira, dándolle así nome á ponte.

Ponte vella do Pacín
(coordenadas: 41°56'14.1"N, 8°05'42.7"W)

A ponte vella do Pacín salva o río do mesmo nome, próximo ao Casal e ao penedo das Serpes. Está formada por catro piares ou apoios que dan lugar a tres vans ou luces en forma de arcos de medio punto.

Lobeira

O Concello de Lobeira sitúase na marxe dereita do río Limia, con altitudes que van dos 400 metros de Cabaleiros até os 1.300 metros da Serra do Leboreiro. O territorio municipal abrangue diferentes ríos e corgas, destacando o río Grou, que desemboca no Limia. É o concello menos habitado dos seis que conforman a RBTGX (8 parroquias con 813 habitantes en 2015) e o de menor extensión (68,9 km^2), o cal non o impide de albergar elementos e bens patrimoniais de grande importancia, dos que destacamos os vestixios arqueolóxicos presentes na Serra do Leboreiro (mámoas do Monte das Motas, de Cabreira, de Outeiro das Moas ou de Corno Dourado). Seleccionamos a seguir outros elementos relevantes do concello:

Casa familiar do etnógrafo Xaquín Lorenzo "Xocas"
(coordenadas: 41°58'35.8"N, 8°02'38.8"W)

Situada en Facós, pertencía á familia dun dos grandes persoeiros da etnografía galega, Xaquín Lorenzo "Xocas" (homenaxeado co Día das Letras Galegas en 2014). Trátase dunha casa de pedra con ampla solaina orientada ao abrente, desde a que se divisa o monte sobre o que se ergue a capela da Nosa Señora do Viso, protexida con varanda de balaústres de madeira torneados. Xaquín Lorenzo pasaba nela moitos veráns e diferentes épocas da súa vida e alí morreu en 1989. Nesa casa refuxiouse o cineasta Carlos Velo buscando fuxir da represión franquista ao inicio da guerra civil e anteriormente visitáraa para rodar secuencias do seu documental Galicia (1935). Pouco antes, en agosto de 1933 tamén parou alí o investigador alemán Hans-Karl Schneider, quen redactou a súa tese de doutoramento sobre a variante do idioma galego-portugués falado no Val do Limia. Aínda que é privada e está deshabitada e en mal estado, recoméndase a visita ao exterior tamén como escusa para pasear a aldea de Facós.

Conxunto do núcleo da Fraga
(coordenadas: 42°01'54.8"N, 8°03'23.7"W)

A Fraga é unha aldea da Serra do Leboreiro, a cal conserva a arquitectura clásica da zona. Segundo recolleu Xaquín Lorenzo, hai documentos do século XII que xa testemuñan a existencia da Fraga, a cal sería fundada por pegureiros do mosteiro de Celanova ao seren as súas terras aproveitadas para o seu gando. Aínda poden encontrarse tellados de colmo e tamén hai un bo exemplar de canastro de pedra no centro da aldea. Destacan a igrexa parroquial de San Bartolomeu, un conxunto de fonte, lavadoiro e cruz e as vistas panorámicas.



Rúa do núcleo da Fraga, Lobeira.

Ermida e romaría de Nosa Señora do Viso
(coordenadas: 41°58'38.6"N, 8°01'34.3"W)

A ermida sitúase a 852 metros de altitude, e segundo parece sobre a acrópole dun castro, polo que se trataría dunha cristianización de cultos antigos. Consérvase algún resto románico, así como un retablo do século XVIII. O santuario constitúe un dos poucos expoñentes do románico tardío da comarca. A sancristía constrúese no ano 1717, como indica unha inscrición; é de dúas plantas, con xanela até o interior, servindo de tribuna para o clero. A portada do muro é románica, con arco de medio punto e grandes doelas con bolas no intradorso. Nunha das xambas mostra a inscrición "ERA MCCCXL", correspondendo aos anos 1300 e 1309, na que debeu construírse o santuario. A fachada actual sufriu unha reedificación no ano 1741. Dentro da capela atópanse dous retablos, un da Virxe do Viso e outro do Santo Cristo.

A ermida é protagonista da romaría que se realiza todos os anos no domingo de Pentecoste (Viso Grande), cando se sobe a imaxe da Virxe á capela, existindo o Viso Pequeno que é o 8 de setembro e que devolve a imaxe a Lobeira. O día da romaría é un día de festa, que comeza xa na véspera.

Exterior da Ermida de Nosa Señora do Viso.

Igrexa de San Xes (A Canle)
(coordenadas: 41°59'11.8"N, 8°03'29.4"W)

Igrexa de estilo barroco de planta de cruz latina. A fachada é austera en decoración, excepto por detalles como a fornela do Santo Patrón. Conta cunha torre impresionante de 4 corpos con dobre campanario rematada en cúpula. No interior hai un espectacular retablo maior.

Pazo de Santa Baia
(coordenadas: 41°59'24.1"N, 8°01'47.9"W)

Algunhas fontes medievais confirman que cando don Afonso ía ser proclamado rei, viuse obrigado a fuxir da Corte por causa das intrigas na súa contra e en favor do seu medio irmán don Sancho. Don Afonso buscou refuxio en Castro Leboreiro, onde o seu tío Don Sancho, rei de Portugal, esperaba por el. Cando Afonso estaba en Lobeira, recibiu a visita de dous cabaleiros, que partindo desde Benavente e con escala breve en Allariz, notificáronlle que a conxura na súa contra fracasara, proclamándoo Rei de León e Galicia. O monarca nunca esquecería a acollida que lle prestaron en Lobeira e por iso, en agradecemento, moitos anos máis tarde, regaloulles o "foro" á poboación en 1228, sendo a parte correspondente á xurisdición de Lobeira redactada na "Casa Grande dos Lamas". Aínda que é propiedade privada e o acceso ao interior non é público, poden contemplarse o exterior e a contorna, alén de ficar no camiño que vai de Facós ao Monte Viso.

Peto de ánimas de Senderiz
(coordenadas: 42°00'11.5"N, 8°02'55.9"W)

Feito en 1790, o peto en forma de pequeno nicho aparece situado fóra do monumento, nun perpiaño do muro da casa. Enmarcado por molduras de sinuoso deseño, aparece un medio relevo de pedra cunha representación das ánimas, entre as que destaca a cabeza dun clérigo tocado con bonete e gorgueira. Completan a escena tres pequenas ánimas dispostas simetricamente, de carácter realista, figurando na zona superior a silueta de Xesús Cristo.

Imaxe xeral do peto de ánimas de Senderiz.

Lobios

O Concello de Lobios localízase na comarca da Baixa Limia (Ourense), entre os concellos de Lobeira, Muíños e Entrimo e facendo fronteira con Portugal. Ten unha extensión de 168,77 km^2 e está formado por sete parroquias, que reúnen en total 70 lugares. Forma parte do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e na vila deste concello sitúase a Sede e o Centro de Interpretación do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

A súa importancia patrimonial resúmese nas numerosas pegadas arquitectónicas que se conservan e que demostran que foi habitado desde antigo e de forma continuada. Exemplos disto son as mámoas, como a de San Bieito de Grou ou a da Anta de Couto; o castelo medieval coñecido como Castelo da Vila ou dos Araúxo; ou a arquitectura rural, tanto señorial como popular, da que son mostra o pazo de Lobios ou o lugar de Manín, na parroquia de Manín (San Salvador).

Da súa paisaxe impactan as formas maxestosas dos picos das Gralleiras e de Fontefría, as pegadas glaciares no val de Vilameá e tampouco se pode esquecer a fervenza da Fecha, a máis alta de Galicia en época de chuvias. Esta fervenza pódese ver na distancia no traxecto pola estrada que continúa desde Lobios até o paso fronteirizo de Portela do Home, onde se pode aproveitar para coñecer o conxunto de miliarios da Vía Nova alí concentrados.

Conxunto de miliarios en Portela do Home (Lobios).

Pero ademais, o Concello de Lobios é concello termal e os beneficios das augas termais do río Caldo foron aproveitadas xa desde tempos dos romanos.

Como se pode apreciar, Lobios é un concello moi rico en patrimonio, entre o que se destaca:

Vía Nova, a Xeira

As vías romanas foron un dos maiores monumentos construídos para fornecer e comunicar o imperio a partir do século I. A Vía Nova ou Vía XVIII foi construída por Tito Flavio Vespasiano e restaurada en tempos de Máximo. O seu trazado entre Braga e Astorga foi reflectido no itinerario de Antonino (S. III). Ao longo da vía estaban ben sinalizadas as millas romanas por medio de grandes cilindros de pedra chamados miliarios, dos que hai unha boa mostra na Portela do Home, onde a vía pasa a territorio portugués.

Mansio Aquis Originis
(coordenadas: 41°51'20.7"N, 8°06'25.4"W)

Nome histórico dunha mansión romana situada na milla 38 da Vía XVIII ou Vía Nova. Esta era unha das 11 "mansio" coas que contaba e cuxa función era ofrecer descanso e refuxio aos seus usuarios. O recinto dividíase nunha pars urbana (zona nobre) e unha pars rústica. Na primeira atopábase unha zona de cociñas provista de fornos, comedor e diversas estancias calefactadas baixo o chan coas augas termais chamada "hipocaustum" e contaba cunha piscina e un peristilo (patio interior) rodeado de columnas cun chan probablemente decorado con mosaicos. O hipocausto é o elemento mellor conservado da posta en valor do xacemento e son visibles varias arcadas de ladrillo roxo que sostiñan o chan.

Imaxe do estado actual da Mansio Aquis Originis (Lobios).

Parroquia da Cela
(coordenadas: 41°54'41.5"N, 8°01'45.0"W)

Mención especial merece a habilidade das persoas que habitaron esta parroquia para edificar casas e construcións anexas sobre os propios bolos de granito da contorna, integrándoos na vivenda, aproveitándoos como paredes e incluso construíndo dependencias dentro da rocha. Nunha mostra máis da intelixencia con que se constrúen estes lugares, algunhas das casas teñen as paredes circulares coa finalidade de adaptalas mellor ás estreitas corredoiras. A visita pódese aproveitar para ver tamén unha aira no centro da aldea, un muíño e varios fornos.

Casa da Escusalla
(coordenadas: 41°53'12.1"N, 8°08'25.5"W)

Edificación barroca de comezos do século XVIII feita a base de perpiaño granítico nunhas partes e cachotaría noutras. Trátase dun edificio en dúas alturas con planta en forma de U cun gran patio interior no que se atopan dúas escaleiras, unha a cada lado da casa. Na fachada posterior pódese ver unha impoñente balconada. Na entrada principal atópase unha pequena capela. Segundo a documentación conservada, a casa foi construída como reitoral polo abade de Manín, D. José Martines y Parga e estivo ocupada por clérigos até que pasou a mans privadas tras a Desamortización de Mendizábal. Foi abandonada en 1931. Ao redor desta casa existen moitas lendas. A máis estendida conta que un cura contrataba xente en Portugal para diversos traballos e, como non quería pagar, matábaa. Contrataba outra xente e volvíaa matar. Cando lle preguntaban polos traballadores, dicía que fuxiran. Na actualidade, afirman, aínda se poden escoitar pola noite os berros, ruídos e laios destes traballadores asasinados.

Parte frontal da casa da Escusalla (Lobios).

Ermida do Xurés
(coordenadas: 41°52'00.0"N, 8°05'33.1"W)

O edificio é barroco, do século XVII, aínda que se poden ver restos dos vellos muros e pedras testemuños dunha ermida moi anterior, posiblemente un eremitorio altomedieval. Segundo a tradición, a virxe apareceulle a un pastor no lugar onde hoxe se ergue esta ermida e pediu que alí se lle levantase un santuario. A veciñanza comezou a construción sen o permiso do bispo Frei Pedro, quen soubo destes feitos en 1454 e determinou que as dádivas da ermida fosen divididas en tres partes: unha para as reliquias de Santa Eufemia, outra para a fábrica da ermida e outra para o ermitán que se faría cargo dela. Unha inscrición funeraria altomedieval aparecida no adro dá conta da antigüidade do eremitorio orixinal.

Foxo do lobo de Guende
(coordenadas: 41°52'41.8"N, 8°01'11.1"W)

O foxo do lobo de Guende foi recentemente restaurado e nel pode apreciarse o enxeño popular á hora de crear unha trampa para atrapar este animal. Neste caso trátase dun foxo de trampa de cabrita, de paredes de máis de dous metros de alto que pechan un recinto circular, onde o lobo era enganado por medio dun cebo vivo situado no interior das paredes.

Muíños

O Concello de Muíños sitúase ao sur da provincia de Ourense, na comarca natural da Baixa Limia. Ten unha extensión de 109,7 km^2 e está formado por once parroquias, nas que se distribúen 38 lugares. Posúe unha orografía abrupta na que contrastan os vales, que oscilan entre os 260 metros, coas zonas de alta montaña, que superan os 1500 metros. Os ríos principais son o Limia e o Salas, ambos os dous represados en encoros.

No territorio que abrangue este concello encontramos mostras relevantes de arquitectura relixiosa, que agochan lendas e contos de antigo; exemplos ben conservados de patrimonio arqueolóxico; así como estupendas mostras de arquitectura tradicional que permiten un maior achegamento á forma de vida tradicional das persoas que o habitaron.

De todo este conxunto, a seguir descríbense algúns bens e elementos con maior detalle:

Casiña da Moura
(coordenadas: 41°55'39.5"N, 7°56'31.1"W)

Anta de corredor de grandes dimensións e case completa que foi trasladada de lugar por causa da construción do encoro do Salas. Foi escavada en l927 por López Cuevillas e en l972 por Ferro Couselo. A mámoa coa súa anta formaba parte da necrópole das Maus de Salas, que hoxe queda parcialmente á vista nos meses estivais.

Casola do Foxo.

Casola do Foxo
(coordenadas: 41°55'06.2"N, 7°56'49.3"W)

Forma parte, ao igual que a Casiña da Moura, da necrópole das Maus de Salas e, aínda que é probable que tamén fose desprazada do seu lugar orixinal, localízase nun pequeno outeiro desde o que se divisa unha boa panorámica dos arredores.

Aldea do Salgueiro
(coordenadas: 41°53'47.8"N, 7°58'46.8"W)

Aldea abandonada na primeira metade do século XX e que contaba con preto de cincuenta construcións, incluíndo casas, alboios, palleiras, etc. Unha das peculiaridades construtivas que se conserva neste lugar son os teitos vexetais de colmo a dúas augas. A aldea contaba con muíños propios, alvarizas, pozos, canastros, airas e mesmo unha capela. Este lugar foi adquirido pola Xunta de Galicia e executouse unha primeira fase de restauración para a creación dunha eco-aldea. Para poder visitar O Salgueiro é preciso contactar previamente coa sede do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, que se sitúa na vila de Lobios.

Conxunto de casas rehabilitadas na aldea do Salgueiro.

Camiño da Raíña Santa
(coordenadas: 41°56'11.0"N, 8°02'35.7"W)

Camiño de peregrinación a Santiago que recibe este nome debido a que en 1255 a Raínha Isabel II de Portugal empregou este trazado na súa peregrinación a Santiago de Compostela. A pesar de ser este o motivo da denominación, o camiño era xa empregado con anterioridade polos peregrinos do camiño portugués a Santiago de Compostela, especialmente polos que procedían do distrito de Braga. Discorre polo interior de Galicia e parte desde Portugal (Braga) pasando polo Xurés. No seu trazado reutiliza un treito da Vía XVlll, de época romana. Durante o percorrido atravesa fermosos cursos de auga, carballeiras e soutos centenarios, bosques de acivros, viñedos e pradarías en socalcos que forman paisaxes agrarias tradicionais, típicas dunha agricultura de montaña.

Capela da Clamadoira
(coordenadas: 41°56'48.7"N, 7°59'15.8"W)

A devoción mariana ten nesta capela un santuario de fermosa romaxe, onde a tradición asegura que se convocaba a loita contra os mouros. O edificio presenta planta dunha nave con presbiterio resaltado en altura, provisto de ventás, e sancristía pegada. A fachada é sobria, con porta alintelada e espadana dun arco, fraqueado por aletóns, rematada por frontón. Nas inmediacións desta capela sitúanse uns carballos que guiaban as colleitas da veciñanza e indicaban a época de plantar segundo o estado de floración.

Fonte do Santo
(coordenadas: 41°57'03.3"N, 7°56'44.2"W)

Ligada á capela da Aparecida, atópase esta fonte complexa de perpiaño nunha ladeira con elementos engadidos. Ten dous canos de pedra dos que cae a auga sobre unha pía rectangular, coa imaxe da Aparecida en relevo sobre eles. A esta fonte atribúenselle propiedades milagreiras e a tradición afirma quita as verrugas se se lle botan unhas moedas.

Imaxe da Fonte do Santo.

O cabreiro

A orixe da figura do Cabreiro sitúase no lugar de Vilar de Cas, na parroquia de Souto de Limia (Santa María), zona limítrofe coa Limia, onde se dan importantes manifestacións relacionadas co entroido. A máscara quere representar a imaxe dunha cabra, animal típico do pastoreo na zona. Xunto coa vestimenta que o caracteriza, o cabreiro leva na man unha vara e un rabo de raposo, cos que se metía coas mozas e empregaba para outras falcatruadas.

Santuario dos Milagres de Couso

(coordenadas: 41°58'04.8"N, 7°54'38.3"W)

Santuario que se comezou a construír a comezos do século XIX coa grandeza e estilo de Santa Eufemia de Ourense, pero que quedou sen concluír. A tradición popular asegura que os franceses non se atrevían a pasar deste santuario. A arquitectura, malia estar inacabada, chegando a construción até o arranque dos arcos da bóveda, mostra a grandiosidade coa que foi planificada.

XOGO 1

Ben o sabes...
Escolle a resposta correcta.

1. Cal das seguintes lendas se desenvolve no Xurés?
    1. Lenda das 15 virxes.
    2. Lenda da Pía da Moura.
    3. Lenda do Verme Comellón.
2. Que significado pode ter a palabra "ramboia" no Xurés?
    1. É o son dos carros costa abaixo.
    2. Contrabando ou bulicio festeiro, ambos á noite.
    3. É un tipo específico de baile.
3. Cal destes pratos é típico de Entrimo?
    1. O bolo de arroz.
    2. O guisado de godallo.
    3. A empanada de forquella.
4. Cal destes concellos non forma parte da RBTGX?
    1. Muíños.
    2. Calvos de Randín.
    3. Verea.
5. Cal é o uso máis habitual da malvela?
    1. Para curar a gripe.
    2. Para a dor de cabeza.
    3. Para as dores menstruais.
6. Como se di "ourego" no Xurés?
    1. Ourogo.
    2. Ourego.
    3. Ourago.
7. Cal destas igrexas é de estilo visigodo?
    1. Santa Comba de Bande.
    2. Ermida de Nosa Señora do Viso.
    3. Igrexa de Santo Tomé de Venceáns.
8. Que son os pegureiros?
    1. As persoas que levan a res pastar ao monte.
    2. Máscaras do entroido.
    3. Un tipo de paxaro.
9. Hai uns carballos en Bande que...
    1. Son moi vellos e bonitos.
    2. Indican a época da sementeira.
    3. Dan sombra a unha virxe.
10. Cal destas minas está no Xurés?
    1. Mina das sombras.
    2. Mina da auga calda.
    3. Mina dos sete tesouros.

XOGO 2

É ou non é?
Xogo de verdadeiro ou falso.

1. No Xurés sementábase moito trigo.
2. As castañas utilizábanse para moitas cousas: para facer fariña, para cocer, etc.
3. O piñeiro é unha árbore propia do Xurés.
4. O Couto Mixto existiu até a época da Guerra Civil.
5. Os tellados das casas estaban antigamente feitos de colmo de centeo?
6. Facíase requeixo con leite de ovella.
7. Un canastro é unha especie de cesto para levar o millo.
8. A virxe máis pequena da Lenda das 7 virxes é hoxe en día a máis visitada.
9. Un ferrado e unha ola son o mesmo.
10. Ao Camiño da Raíña Santa tamén se lle coñece como o Camiño de San Rosendo.

XOGO 3

Cal é cal?
Relaciona o nome coa imaxe.

1. Igrexa de Santiago de Randín (Calvos de Randín).
2. Capela de San Pedro, Ludeiros (Lobios).
3. Espadela.
4. Escá.
5. Trobos.



Respostas a Ben o sabes...
Lenda da Pía da Moura/Contrabando ou bulicio festeiro, ambos á noite/A empanada de forquella/Verea/Para as dores menstruais/Ourogo/Santa Comba de Bande/As persoas que levan a res pastar ao monte/Indican a época da sementeira/Mina das sombras

Respostas a É ou non é?
1.Falso, sementábase moito centeo e algo de millo/2.Correcto/3.Falso, o piñeiro é unha especie introducida/4.Falso, o Couto Mixto desapareceu en 1864/5.Correcto/6.Falso, facíase con leite de vaca; as ovellas criábanse máis para carne/7.Falso, un canastro é como se chaman os hórreos na zona do Xurés/8.Correcto/9.Falso, un ferrado son vinte quilos de gran (de millo, por exemplo) e unha ola equivale a 16 litros de líquido/10.Correcto

Respostas a Cal é Cal?
4/1/2/5/3